



# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 02/2025

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

En Ordes, a trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e cinco.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D<sup>a</sup>. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D<sup>a</sup>. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D<sup>a</sup>. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D<sup>a</sup>. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D<sup>a</sup>. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asiste:

- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

### 1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria urxente de data 10 de xaneiro de 2025, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión extraordinaria urxente, de data 10 de xaneiro de 2024, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

### 2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

### 3. PARTICIPACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2025".

Vistas as Bases reguladoras Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2025, aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial de data 29/11/2024 (BOP nº 233, de data 03/12/2024).

Vistos os obxectos para os que o Concello pode solicitar o seu financiamento con cargo aos distintos tipos de achega provincial para acadar as finalidades do POS+ 2025.

Vistas as cantidades do POS+ 2025 asignadas a este concello para cada un dos dous tipos de achega provincial que figuran na seguinte táboa:

Achega provincial 2025	Achega provincial 2024	TOTAL POS+ 2025
568.197,15	551.485,47	1.119.682,62

Visto o ditame favorable, de data 24/01/2025, da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como xa dixeron na Comisión Informativa cada grupo político ten as súas preferencias de gasto. Aínda que estas non son as nosas obras coincidentes coas de vostedes, consideran que os cartos son os que hai, e ante todo hai que priorizar o benestar dos veciños. Non se van a opor a este POS+

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o POS+ 2025 crea unha partida nova que é o POS+ Adicional 3/2025 no que lle corresponde ao Concello de Ordes unha contía de 200.000 euros para a amortización da débeda que o Concello de Ordes ten con outra administración pública, neste caso a Deputación Provincial. Pol tanto o que viña advertindo o BNG durante estes anos que dicían que a débeda bancaria non era que desaparecese, senón que se transformaba en débeda con outras administracións públicas, hoxe queda demostrado que así foi e que ademais hai que pagala. Nos orzamentos de 2024 prevíase que a débeda coa Deputación Provincial era de 2.134.000 euros a 31 de decembro, será unha media de dez / once anos que haberá que ir pagala, certo é que veñen fondos da Deputación Provincial. Como indican as Bases reguladoras deste POS Adicional os concellos que manteñen débeda coa Deputación pasan a ter que amortizala, o resto poden utilizar esta contía para gasto corrente. Analizados os proxectos que propón o goberno municipal na súa proposta. Obras Pista do Pazo a Castenda e outros valoran positivamente que se inclúa una partida para instalación das tubaxes necesarias para que tan pronto como sexa posible se dispoña da rede de abastecemento municipal, botan en falta que non se inclúan as tubaxes para implantar nun futuro a rede de saneamento municipal. Queda claro que non entra nos plans do goberno municipal de dotar a esta parroquia de unha rede de saneamento a curto ou



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

medio prazo. Humanización da rúa Emilia Pardo Bazán son conscientes dende o BNG da existencia de problemas de filtracións de auga nos edificios dende que se acometeron as obras de despregue dunha rede de telecomunicacións, pregúntase se se valorou esta circunstancia para mitigar esta situación. Botan en falta que non se incluíse no proxecto a adopción de medidas para mitigar o efecto do que se denomina como illa de calor coa inclusión de árbores. Resulta curioso que se presuma de solicitar á Consellería de Medio Ambiente o 21 de xuño de 2024 para a loita contra o cambio climático instalando no polígono unha poza e unha pérgola, pero despois non se teña en conta a solución deste problema no resto das actuacións que se promoven. É un sen sentido. Dende o BNG lamentan que decidan destinar case 400.000 euros para gasto corrente en lugar de empregalos noutras necesidades da veciñanza. Poderíase executar algunhas das propostas que lle fixo no 2025 o BNG: ampliación da EDAR de Ordes, necesaria para o desenvolvemento urbanístico dos solos urbanizables e ampliación do parque empresarial de Merelle, actuar na contorna da praza da Alameda para dotala dunha parada de bus digna e mellorar as condicións de estacionamento, mellorar tamén o efecto de illa de calor na zona, actuación non Campo da feira para descubrir o río intentando recuperar o debido respecto que deberíamos manter cara el, actuar no parque Félix Rodríguez de la Fuente para nivelar a superficie e dotalos duns aseos accesibles, actuar na nave do mercado agrario en Mesón do Vento para implantar un centro de transformación de produtos do sector primario, dando saída a excedentes da horta e recuperar terras agrarias abandonadas, dotar de fondos suficientes para mercar o campo de fútbol de Mesón do Vento, ampliación das redes de abastecemento e saneamento no rural.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai contestar ás consideracións que fixo para que as poida ter en conta, está no seu dereito a seguir coa súa retalla de argumentos, moitos deles son bastante ilóxicos e non se trata de seguir confundindo á veciñanza de maneira interesada. Agradece a postura do PSOE, como se lles anunciou nos proxectos do remanente van parte das actuacións que comprometeron ao longo do ano 2024, agarda que se poidan levar a cabo. É pesimista, seguramente se levarán a cabo no ano 2026. Aínda que se aproba o POS+ anual no mes de xaneiro, é practicamente imposible como se organiza a Deputación Provincial poder sacalos adiante no mesmo exercicio económico. Estamos licitando agora o POS+ 2024. En relación ao POS+ Adicional 3/2025, a ignorancia é moi atrevida, non se pode seguir dicindo cousas que non teñen nin pes nin cabeza. Ninguén dixo en ningún momento que o concello non se tiña acollido aos PAIs dos préstamos da Deputación. Con eses plans amortizouse débeda e fixéronse moitas obras ao longo destes anos. Xa se lle dixo que ningún concello vai devolver con cargo ao POS+ esas cantidades por que había un acordo unánime de todos os grupos, que se ían a compensar cos propios créditos da Deputación Provincial que é o que se está a facer. So faltaría que os concellos que non se acolleron aos PAIs non tiveran a compensación xusta e lexítima. Este era un acordo unánime cando se creou o PAI. Cantos intereses se levan aforrado, non critiquen o que non procede. Claro que lle gustaría facer moitos abastecementos saneamentos, facer unicamente o despregue de abastecemento municipal superaba os sesenta millóns de euros, se falamos de saneamento esa cantidade multiplícase por cinco ou por dez. Facer o saneamento dos máis de catro quilómetros que é esta actuación en Parada non chegarían os máis de catrocentos mil euros deste proxecto. So se podería ter metido neste POS+ Parada, abastecemento e saneamento, e firmes, o que non ten nin pes nin cabeza, hai que intentar conseguir a financiación por outro lado. Cando se destina unha contía a gasto corrente é por que se necesita de maneira urxente e eficiente para poder sacar adiante as contas municipais. Canto subiron este ano os importes de gasto corrente, a aportación que ten que facer o concello á Mancomunidade para o servizo do SAF por que o goberno central non pon o seu 50 %, a Xunta está a poñer a súa cantidade, agora iremos vendo como veñen as cantidades nos vindeiros anos. Necesitamos que se volvan a liberar as regras fiscais para poder sacar adiante moitas obras municipais. Tamén hai que cofinanciar moitas obras e compromisos que ten o concello, somos conscientes que somos



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

máis áxiles para sacar adiante ese proxectos incorporando parte deste diñeiro ao gasto corrente e non ter que esperar pola Deputación Provincial un ano. As liñas de gasto corrente que se inclúen son as que fixo chegar o interventor municipal. En relación as súas propostas, son reiteradas, lévalle dando voltas moitos anos, recórdalle que non tiveron a confianza da veciñanza no ano 2023 polo que van a ter que seguir tomándoo con moita paciencia. O seu programa é outro, os seus compromisos son outros, parte dos seus compromisos poden coincidir. Problema en Emilia Parado Bazán, para nada, illa de calor, moi ben, oxalá tivéramos seccións de rúas de 16 ou 20 m, non as temos. Non podemos pretender meter o arborado enriba onde temos servizos e non hai espazo para tal, fiémonos unha vez máis do criterio dos técnicos, deixemos de facer cousa ilóxicas. Esta é a proposta de participación no POS+ 2025, agarda que a Deputación Provincial sexa dilixente na súa aprobación, así como o POS+ Adicional 2/2025 que permita a execución dos proxectos complementarios para a súa contratación ao longo do exercicio, para que os servizos estean a disposición dos veciños.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de oito votos a favor (grupo político PP), coas abstencións (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-GPSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2025" e con cargo á "achega provincial 2024":

### A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	140.467,30
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	254.485,47
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>394.952,77</b>

### B ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra	Deputación	Concello		Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos De auga potable)	
PISTA DO PAZO A CASTENDA e OUTROS (PARADA)	427.729,85	39.640,67		39.640,67	467.370,52
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2025</b>	<b>427.729,85</b>	<b>39.640,67</b>		<b>39.640,67</b>	<b>467.370,52</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra	Deputación	Concello		Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa	



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

			deducible nos abastecementos de auga potable)		
HUMANIZACIÓN DE EMILIA PARDO BAZÁN	127.000,00	8.419,57		8.419,57	135.419,57
AFIRMADO PISTAS GOUZÓN-CASTIÑEIRA-ALTIBOIA E OUTRA	170.000,00	10.422,11		10.422,11	180.422,11
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2024</b>	<b>297.000,00</b>	<b>18.841,68</b>		<b>18.841,68</b>	<b>315.841,68</b>

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

### C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello		Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	140.467,30			140.467,30
	Achega 2024	254.485,47			254.485,47
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	427.729,85	39.640,67		467.370,52
	Achega 2024	297.000,00	18.841,68		315.841,68
C- TOTAL	Achega 2025	568.197,15	39.640,67		607.837,82
	Achega 2024	551.485,47	18.841,68		570.327,15
	<b>TOTAL</b>	<b>1.119.682,62</b>	<b>58.482,35</b>		<b>1.178.164,97</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
PISTA QUEIS DETRÁS DA IGREXA ATA O CAMPO DE FÚTBOL (MONTAOS) E OUTROS	389.935,36		389.935,36
ACCESOS A PERRA DENDE A AC-409 (MERCURÍN) E OUTROS	204.864,35		204.864,35
ACCESOS VILLASENÍN, BAILÍA E ESPÍNEIRA (LEIRA)	278.786,20		278.786,20
<b>TOTAIS</b>	<b>873.585,91</b>		<b>873.585,91</b>

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nesta táboa.

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitado todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+ 2025 Base.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

#### 4. APROBACIÓN BONIFICACIÓN COTA ICIO

Vistas as solicitudes de concesión de bonificación cota ICIO, licenza urbanística/comunicación previa de inicio de obras de construción/ampliación dunha explotación agrogandeira existente.

Visto o disposto no art. 8.2 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 87, de data 09/05/2018).

Visto o ditame favorable, de data 24/01/2025, da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de quince votos a favor (8 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha bonificación do 75% da cota do ICIO, licenzas urbanísticas/comunicación previa de inicio de obras de construción/ampliación das explotacións agrogandeiras seguintes:

- **PAMPÍN SUÁREZ, S.C., con CIF nº J44745297**, obras en solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de infraestruturas, legalización ampliación de explotación agropecuaria existente de vacún de leite: [establo (36 cabezas) (610,00 m<sup>2</sup>), fosa de xurro (118,56 m<sup>2</sup>)], en Lg. Fosado, Montaos, Ordes [(Agrupación parcelas catastrais 15060A507000530000LP - 15060A507000540000LL) (Agrupación finca nº 53 e parcela A finca nº 54 ZCP de Montaos)], segundo proxecto técnico redactado por José Manuel García Pedreira, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de execución material de euros 120.000,00 (**Expdte. 345/2023 – 2023/U022/000020**).

#### 5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 28 de novembro de 2024, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### 6. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación

“Estando a piques de ser resoltas as solicitudes de axudas para a incorporación a actividade agraria do ano 2024 , é preciso recordar que un dos requisitos aos que se comprometen as persoas solicitantes é a recibir a formación de 250 horas nun prazo de 18 meses dende que se adquire a condición de agricultor ou agricultora activa.

Dende o ano 2021 os cursos de capacitación de obrigado cumprimento centralizáronse no centro de formación de Monforte, tendo que acudir alí todos os alumnos e alumnas de Galicia para os módulos presenciais.

As resolucións de aprobación dos últimos 3 anos supoñen unha media de incorporacións de 293 persoas por ano e resulta complicado ter cabida nos cursos, sendo tamén unha eiva o horario establecido (con pouca compatibilidade coa actividade agraria, sobre todo nas explotacións de leite, que son a maioría das incorporacións)

No concello de Ordes, no período 2016-2023 incorporáronse 63 persoas, sendo o oitavo concello de Galicia con máis incorporacións. E tendo máis expedientes ca concellos como Mazaricos ou Santa Comba.

Actualmente na comarca (que recolle outros concellos produtores de leite como poden ser Frades, Mesía, Trazo ou Tordoia) hai unha crecente demanda para axilizar a impartición deses cursos en épocas de menor carga de traballo nas explotacións. O feito de non ter prazas en Monforte pode supoñer a apertura dun expediente de devolución de axudas, como xa se están vendo casos ,sendo o motivo o non ter acadada a formación no prazo regulamentario.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- O Pleno da corporación municipal de Ordes insta a Consellería de Medio Rural a involucrarse na facilitación da obtención desta formación.

2.- O Pleno da corporación municipal de Ordes insta a Consellería de Medio Rural a descentralizar a impartición deste curso do Centro de Formación e Experimentación Agraria de Monforte de Lemos, habilitando cursos tamén no resto de Centros Formativos dependentes da Consellería, como poden ser Guísamo ou Sergude”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi apreciada por maioría de quince votos en contra (8 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que somos uns dos concellos con máis incorporacións ao sector agrario. Está totalmente de acordo en que a xente estea pendente duns cursos que se celebran a quilómetros das súas vivendas tendo outros tan cerca como pode ser Sergude en Guísamo. Se queremos ter un agro forte temos que descentralizar a celebración dos cursos, facelos máis dinámicos para que a xente poida optar a estas axudas sen as demoras que supón estar pendente da realización duns cursos obrigatorios.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se vemos como a moción está plantexada, unha exposición de motivos na que se conta como funciona todo isto poderíamos chegar a entender que é moi necesario todo o que se propón. Non é así. Non quedaba de máis ter incluído na exposición de motivos a realidade de como funcionan os cursos, por que están centralizados. É o que lle vai a explicar agora. Xa lle adianta que no van a votar a favor dos acordos da moción como está plantexada. Se houbera traído unha proposta cun plantexamento totalmente distinto e contando a realidade o poderían ter falado. Estes cursos están pensados e son obrigatorios unicamente para esta xente que van a proceder á incorporación de xóvenes agricultores de 18 a 40 anos. Eses oito módulos de 250 horas practicamente o 90 % son telemáticas, 32 horas son presenciais, o 12,80 %. Tendo en conta que non é obrigatorio facer o 100 % das telemáticas, quédase nun 90 %. Esa é a realidade. É o que di o DOG na Orde de 17/03/2009. Para superar cada un dos módulos hai que superar un exame. O mesmo día que fas a proba de superación do módulo fas tamén as clases presenciais. A Consellería do Medio Rural está a facer un bo traballo, tanto coa centralización como coa plataforma de teleformación. Son as cifras as que demostran a realidade, si funciona mellor a centralización ou descentralización. Dende os anos 2021 a 2024, unha vez que se centralizou os resultados foron mellores e incrementouse o número de mozos que participan superando os cursos, obtendo unha mellor cualificación incluso final. A descentralización vai en contra da mellora na formación. Non se inician os cursos ao comezo do ano, son módulos cuatrimestrais, xaneiro, abril e setembro, hai máis dun ano para facelos. A centralización das probas nun único día é para facilitar os menores desprazamentos posibles minimizando as molestias aos alumnos. A involucración da Xunta de Galicia está máis que xustificada polo que non procede votar a favor do primeiro dos seus acordos da moción. O sistema centralizado funciona, é a realidade. Esa especialización do centro formativo. No curso 2024-2025 optimizáronse as prazas chegando ata 364 cun incremento do 11 % con respecto ao anterior. Os datos o que amosan é que a descentralización vai en contra da formación. Tanto o AGACAL, como a Consellería do Medio Rural en aras de mellorar estas propostas formativas está promover a formación específica por comarcas da parte presencial nas que exista unha demanda maioritaria.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que sinala que quere por en valor que cada vez haxa máis persoas asistindo aos cursos de capacitación en Monforte non é un valor en alza polo ben que se están a facer os cursos coa centralización, hai que analizar tamén o número de solicitudes destes anos. Hai máis asistentes aos cursos por que as solicitudes son maiores que nos anos anteriores. Non por asistir máis persoas aos cursos implica que se estea funcionando mellor. Hai que ter en conta as novas incorporacións como os que se incorporan a partir de 40 anos, que é unha bolsa de persoas que tamén teñen que facer estes cursos. O funcionamento dos cursos era o mesmo cando se impartían en Sergude. Se teñen a ben para sacar adiante a moción incluír unha modificación instando a que





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

os módulos nos que haxa máis demanda, posiblemente os de produción de leite, que se impartan de forma presencial aquí na comarca

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto é algo que hai que facer de maneira directa unha vez que se coñece o número de solicitudes que hai en cada comarca. Isto non o van a acordar aquí por que non procede. O que acaba de dicir tampouco é correcto. Non sabe de onde saca as cifras. Pediu a documentación. Ano 2021: 2536 matrículas, ano 2022: 2439, ano 2023: 2118, ano 2024 (metade): 1504.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, que sinala que non fala das matrículas, fala das solicitudes de axudas de incorporación. Se hai máis solicitudes de axudas de incorporación obviamente vai haber máis matrículas por que é un requisito de obrigado cumprimento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é á inversa. As matrículas fóronse mantendo no tempo. Foi no ano 2021 cando máis houbo. Os resultados obtidos, a mellora foi cando se acordou a centralización. Está aí á vista. É contradictorio co que propón. Do que se trata é de que esas persoas teñan a mellor formación posible. Non van a cargarse a exposición de motivos para chegar a algo que lle acaba de anunciar el, que vostede descoñecía.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de oito votos en contra (grupo político PP), sete votos a favor (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

Intervén a Sra. García Gómez, en voceira do grupo político PP, que presenta a moción que se transcribe a continuación

“Actualmente encontrámonos en situación de prórroga dos Presupostos Xerais do Estado do ano 2023, debido a que non se aprobou unha nova Lei de Presupostos Xerais para o ano 2025, nin se definiron os obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira para este ano.

Neste contexto, as entidades locais, descoñecen a situación na que quedan as Regras Fiscais para o ano 2025 e por tanto descoñecen como se aplicará o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira en relación co destino do superávit orzamentario, así como a posibilidade de destinar o superávit do ano 2024, ao establecido na Disposición Adicional Sexta da mencionada Lei Orgánica.

Dada a actual situación financeira dos concellos e o retraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiación autonómica para que unha vez establecido este, pactar o novo sistema de financiación local que permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes así como do capítulo de persoal e prestación de servizos aos cidadáns, é imprescindible determinar canto antes “os obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para el ano 2025”.

Neste contexto, é necesario que os concellos poidan destinar o superávit do ano 2024 nas mesmas condicións que o ano anterior, nos termos que establece a disposición adicional sexta, que regula una serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou á amortización de débeda.

Polo exposto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a amortización de débeda”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi apreciada por maioría de quince votos en contra (8 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que traen unha moción sobre algo que aínda non se sabe se se vai a facer ou non. Levan seis ano demonizando os reais decretos lei. Cada vez que o PSOE aproba un RDL ven a oposición, principalmente o seu partido criticando a súa aprobación, cando os aprobaron vostedes con total normalidade co goberno de Raxoi e agora pedimos un real decreto lei. Fagamos memoria, a Lei Montoro de estabilidade orzamentaria foi a que marcou o gasto dos concellos, os concellos non podían gastar os seus remanentes co fin de alixeirar o déficit do goberno de España e das CCAA. Agora culpan ao goberno socialista dunha lei que aprobaron vostedes. Dende que hai un goberno socialista os concellos viron incrementada a financiación estatal nos anos 2022-2023 ata un 35 %. A Xunta de Galicia so incrementou esta financiación nun 5 %. En vez de bloquear o crecemento do país o que teñen é que poñerse a apoiar. Vostedes son os que bloquean, non os demais. Os fondos do PRTR para os concellos chegan a través do goberno, nunca a través da Xunta, independentemente da cor política. Está a facilitárselles a chegada de cartos. Este goberno está a amañar os problemas que crearon vostedes. O goberno que tiña os problemas foi o de Raxoi, o que aprobou esta lei. Agora é o PSOE o que ten que arranxar a través dun RDL que vostedes demonizan cando se aproba para outras materias. Estamos en Europa, temos que cumprir un marco financeiro, aprobar un teito de gasto anual ao que votou en contra o PP en marzo e volveu a votar en contra en setembro. Agora presentan esta moción urxente. Céntrense. Están a pedir algo que vostedes xeraron. Non o entende. Sigán co seu plan de desgaste do goberno central, votándolle a culpa. Este goberno socialista é o que consegue que sexamos a economía que máis medre. Veñan con propostas que teñan lóxica e sentido.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a moción comeza cunha pequena falta á verdade. Non é certo que non fosen definidos os obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira para este ano. Foron definidos, outra cousa é que foran rexeitados polo PP nas Cortes Xerais. Reiteran o que veñen dicindo dende o BNG. Denunciamos que existe unha falta de financiamento nos concellos que moitas veces teñen que asumir competencias que non lle son propias, destinando fondos que poderían servir para outras necesidades. Dende o BNG esixen que se cumpra o mandato legal de dotar de financiamento xusto e equitativo aos concellos. A autonomía local non se pode entender sen autonomía financeira, debendo darse solución a un problema que se acentúa a diario e que leva esperando moitos anos. O PP tamén podería aplicarse o conto destinando os 1.050 millóns de euros que quedaron sen executar nos orzamentos da Xunta de Galicia no exercicio 2023 que poderían destinarse a financiar os servizos sociais. Parafraseando o que dixo anteriormente o Sr. Alcalde na moción do BNG e que ten trasladado noutras. Se houberan traído una proposta recollendo a realidade poderían apoiala, desta maneira optan por unha posición de abstención por non contar na exposición de motivos a realidade.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o principal problema está en que é moi distinto traer esta moción cunha exposición de motivos máis ampla ou reducida dependendo se a trae alguén que está no goberno ou na oposición. Vostedes como están na oposición dálles todo absolutamente igual, neste sentido. Se ao final temos un aforro de varios millóns de euros nas arcas municipais por que estamos obrigados en función de como se está facendo a execución orzamentaria a cumprir coa estabilidade e despois non se poden facer actuacións que redunden en beneficio dos veciños, ten que concluír que lles da absolutamente igual. Tanto na FEMP como na FEGAMP se falas cos alcaldes que gobernan, sexan da cor política que sexan, é o primeiro que están todos eles demandando. Que se lles permita gastar os fondos que teñen no caixón, que lle están a salvar o cu a estes que tan ben nos gobernan en Madrid. En canto a frase de chegada de cartos gustaríalle que se indique cando, donde e canto. Non os ve.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que si falamos dos 11.500 millóns que se perden polo bloqueo do PP en marzo e setembro. Isto é un lastre dunha lei do goberno do Sr. Rajoy.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Sr. Rajoi foi presidente do goberno case oito anos e aprobou os OXE todos os anos. Cousa que vostedes son incapaces por moito que presuman ou que queiran dicir. Nada ten que ver cando un goberna ou non. A lei cando foi aprobada foi para non gastar máis do que se ingresa, algo fundamental en calquera economía, algo co que vostedes non predicán nunca. Era moi bonito cando aquí se falaba de débedas de sete, oito, millóns de euros a nivel local. Houbo que saneala, sacala adiante, gracias en gran medida a esta lei. O primeiro que podías facer eses anos era amortizar a débeda con superávit. Non se pide a aprobación dun RDL especial. O mesmo que piden os gobernos de distinta cor ao longo do territorio nacional e que vivamos a situación que vivimos sempre. É falso que diga que durante a vixencia da Lei Montoro non se podían facer investimentos financeiramente sostibles. No ano 2014, primeiro ano no que houbo esa posibilidade. Anos 2014 a 2019 sempre a través das diferentes LOXE, despois viviuse a situación do Covid nos anos 2020 a 2021, prorrogándose tamén no ano 2022. Con esta lei ningún concello gastou máis do que ingresaba. Non pode ser que esteamos coartados polo interese dun presidente do goberno que quere salvar as cifras ante Europa da súa mala xestión condicionando a todos os concellos de todo o territorio nacional. Esta é a realidade do que está a pasar e a acontecer. Se tantos cartos teñen non llos envíen, arranxen a N-550, fagan algo positivo. A día de hoxe é fundamental que se faga esta prórroga da disposición adicional sexta da lei. Veremos se conseguen dunha forma consensuada sacar adiante esta iniciativa que fai falta para todos os concellos. Que poidan dispor dos seus aforros, que ao final os vexan os veciños. É moi bonito vir aquí con peticións a través do rogos, pero estamos limitados cos límites de gasto. Comparten que se fagan maiores investimentos en servizos sociais. Fala de inexecución de gastos da CCAA, que pasa coas inexecucións de gasto do goberno central durante todos estes anos de maneira reiterada. É fundamental para todos que teñamos unha autonomía financeira. Por que estamos coartados con estas regras fiscais e outros poden facer libremente o que lles da a gana e non se nos ten en conta. Por que hai que beneficiar a unhas CCAA por riba de outras. É necesario primar a unha CCAA por riba das demais. É necesario que o goberno central recapacite e poña a disposición de todos os concellos ese superávit para que cada concello o invista da mellor maneira que considere oportuna. Este é o plantexamento desta moción.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que ninguén está en contra de que se desbloquee nada. Hai que facer exposición construtiva que é o que están reclamando sempre. Chegaron aquí e traen peticións. Cando as traen vostedes e son a favor dos veciños van a votar a favor dos veciños. O mesmo lle piden aos seus compañeiros da Deputación ou do Goberno central. Este problema que está taxado en 11.500 millóns é debido á votación do Sr. Feijoo e o seu equipo en marzo e setembro 2024. Non nos



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

veñan contando historias. Se queren traer mocións e vendernos que é todo para axudas aos veciños, son os primeiros que van dicir que si. Hai que empezar a falar claro, que a oposición deste país está máis interesada en montar xaleo que en mirar como se goberna. Non fan unha oposición construtiva pero no a esixen aos demáis. Por suposto queren unha independencia económica do noso concello, ter máis cartos para poder gobernar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que reiterar o mesmo. Os concellos soportando competencias que non son propias e non se lles traslada o financiamento que deberíamos ter. Non chegan os fondos do goberno do estado, tampouco cando gobernaban vostedes. Nunca foron financiados os gastos como deberan. Tampouco chegan dende a Xunta. Ao final teñen que palmar sempre os concellos facendo fronte ás necesidades dos veciños en materia de asistencia social e demais. O debate debería ser máis profundo, mudar o sistema de financiamento. Ter un concerto en Galicia, recadamos máis do que despois nos transfiren, as contas non dan, as fan daquela maneira. Habería que afondar máis neste debate para ter esa autonomía financeira e ter esa capacidade de distribuír ou ter a chave dos nosos cartos para facer ou decidir onde priorizar investilos. Dada que a súa exposición de motivos non recolle o que é a realidade tampouco poden apoiála dende o BNG, optando pola abstención.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todo o que acaba de dicir vostede é algo sen xeito. Non sabe que argumentario lle deron, se era unha contestación a esta moción. Ven aquí a vender que queremos máis fondos, que nos apoien. De que serve que nos metan máis fondos se non os podemos gastar. Quere que entenda que isto é o que realmente están plantexando aquí. Que se poida gastar o que temos a disposición e o superávit do ano 2024, incluso parte do ano 2023 que non se puido incorporar. Cando vexamos a liquidación en marzo teremos as cifras reais. Esta é a situación que estamos a vivir este concello e cada un deles. Unicamente se esta a provocar esta situación de bloqueo polos seus intereses partidistas, desprezo dunhas comunidades autónomas en favor doutras. Isto non é xusto. Quen o está pagando son os concellos como administración pública máis cercana ás persoas. Non os están axudando absolutamente en nada.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de oito votos a favor (grupo político PP), dous votos en contra (grupo político PSdeG-PSOE) e coas abstencións (5 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a amortización de débeda.

### **7. ROGOS E PREGUNTAS.**

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O paso de peóns situado á altura do número 4 da rúa Alfonso Senra é coñecido pola súa inseguridade.

O feito de estar situado nun cambio de rasante e con escasa iluminación, fai que o paso de peóns pase inadvertido para moitos condutores.

Anteriormente existía sinalización lumínica indicando a súa presenza pero, actualmente, tal e como se pode observar na fotografía, non funciona.

É polo que solicitamos:

Realizar os trámites necesarios para restaurar a sinalización lumínica.

Evitar o estacionamento de vehículos próximos ao paso de peóns para mellorar a visibilidade.

Estudar a aplicación de calquera outra medida que contribúa a mellorar a seguridade na zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vostede sabe de quen é a vía, quen ten a competencia e que ten que resolver todo isto. Esta demanda foi feita o 13/07/2023 cun informe da policía local. Foi reiterada no día de hoxe a raíz do seu rogo. Dende o 13/07/2023 a calada por resposta, solución ningunha.

- Na estrada AC-409 existe un punto no que se forma habitualmente unha balsa de auga cando chove. Isto causa o fenómeno físico coñecido como “aquaplaning” comprometendo a seguridade das persoas que circulan por esa vía.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Realizar os trámites oportunos, a través da comunicación coa Xunta de Galicia, para solucionar o problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se atascou o sumidoiro por localizarse nun punto baixo. Xa se puxo en coñecemento da AXI para que teñan en conta o seu mantemento, especialmente en épocas de choivas.

- É habitual observar, nas rúas de Ordes, a acumulación de residuos voluminosos cunha antelación moi superior á data establecida de recollida.

Isto implica, en moitas ocasións, obstaculizar o paso das persoas aumentando o risco de incidentes. Ademais, ocasiona un alto impacto visual.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Iniciar unha campaña de sensibilización na que se informe da necesidade de depositar este tipo de residuos coa menor antelación posible á data de recollida.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Instalar carteis informativos nos puntos de recollida informando das datas de recollida destes residuos.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que isto non é por falta de información senón por xente incívica que deixa residuos. As campañas fanse cada certo tempo, estudarase a colocación dunha pegatina nos contedores. Xa as hai en algúns e non se fai moito caso.

- En moitas ocasións, as persoas que fan uso das instalacións deportivas utilizan os secadores de mans para secar o pelo.

Sabendo que noutros concellos xa os instalaron e que supón unha medida de baixo custo, solicitamos:

Dotar os vestiarios das instalacións deportivas de secadores de pelo.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que sinala que nos vindeiros días instalaranse dous a modo de proba.

- Os puntos violetas son unha ferramenta moi axeitada para implicar á poboación na erradicación das violencias machistas, informar sobre os recursos do Concello en materia de violencia de xénero, ofrecer atención e, no seu caso, acompañamento ás mulleres que sufran algún tipo de violencia de xénero, e información sobre como poden actuar as persoas que presenciaren algunha manifestación relacionada coas violencias machistas.

É polo que solicitamos:

Instalar un punto violeta naqueles eventos multitudinarios que se celebren no Concello de Ordes.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que tómase en consideración para a súa valoración cos técnicos.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No lugar de Codeseda, parroquia de Leira, a configuración do rueiro existente fai que no seu interior o viario sexa estreito, o que dificulta a circulación de vehículos de certa envergadura, (por exemplo, camións para execución dalgún tipo de obra ou reparación domiciliaria, vehículos de emerxencias, ...etc.).

Poderíase crear unha alternativa procedendo coa pavimentación do viario situado ao leste do núcleo, tal e como sinalamos na imaxe que se acompaña xunto co presente rogo.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Incluso cabe destacar que coa pavimentación que estamos a propoñer, conseguiríase que tódalas parcelas do núcleo situadas dentro da delimitación de solo de núcleo rural, teñan fronte a un viario axeitadamente pavimentado.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A pavimentar o viario situado ao Leste do núcleo de Codeseda, para mellorar as condicións de acceso e saída do citado núcleo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración como calquera petición que formulan vostedes e os veciños. Dentro da parroquia de Leira agora hai necesidades máis urxentes que atender.

- A pista procedente da Fraga da Galiña e que entronca coa estrada N-550 no lugar de Guindiboo de Arriba, fronte ao bar "Orense", atópase en moi mal estado de conservación, tal e como pode apreciarse nas fotografías que achegamos no presente rogo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder coa axeitada pavimentación da citada pista.

Aproveitar a ocasión para dotar ao citado viario dun sistema de recollida e condución de pluviais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha actuación que teñen en marcha dende fai tempo. Intentar darlle forma non so a ese tramo que debuxan senón todo o entorno da Fraga da Galiña para unha actuación integral que está valorada e cuantificada, relación de propietarios afectados. Unha actuación completa suporía un investimento de 930.000 euros. Non hai dominio público, é necesaria unha negociación cos propietarios e ver o que se pode facer. Unha expropiación para a dotación de servizos básicos condiciona moito calquera desenvolvemento como o que hai que facer neste entorno. Estanse elaborando as fichas pola asistencia técnica, ao longo de 2025 esperan ter un avance, neste tramo como en toda a Fraga da Galiña.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No ximnasio municipal non existe ningún punto de auga potable para o servizo das persoas usuarias.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se poñan puntos de auga potable no ximnasio alí onde sexa necesario.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que na entrada hai máquinas expendedoras de auga. Valorarase a proposta.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que aínda que hai esas máquinas expendedoras, no estaría de mais que as persoas que non queiran pagar dispoñan de auga



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

gratis como ocorre nos establecementos hostaleiros, que é obrigatorio. Tamén debería ser non ximnasio municipal.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que sinala que no ximnasio municipal non é obrigatorio.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que non é unha medida cun custe elevado e sería positiva para as persoas usuarias.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No pasado mes de decembro, caeu parte do cerramento traseiro do lavadoiro do Piñeiro.

A este respecto, cabe lembrar que o concello de Ordes ten efectuado intervencións noutros lavadoiros de semellantes características.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A reparar o cerramento traseiro do lavadoiro do Piñeiro, aproveitando a ocasión para efectuar as intervencións precisas para o seu axeitado acondicionamento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este lavadoiro non é público. Hai que ter o visto bo dos propietarios e cesión ao concello por unha serie de anos, cousas que non existen a día de hoxe. A intención dos propietarios é completamente distinta do que vostede plantexa. A caída foi por un accidente, a persoa responsable do accidente identificouse en todo momento, está en contacto cos propietarios e ten o compromiso de arranxalo. Verase o percorrido de todo isto.

- No núcleo de Vilaverde, sitúase unha fonte coñecida como “Fonte Ignacia”, a cal dispón dunha sinalización disposta no seu día polo concello de Ordes.

O certo é que os accesos a dita fonte, resultan bastante mellorables, podendo solucionarse cunha pequena intervención dispoñendo unha pasarela de madeira con malla, dispoñendo lousas a modo de chanzos.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A mellorar os accesos á “Fonte Ignacia”, no núcleo de Vilaverde, negociando a solución coas persoas propietarias de posibles parcelas afectadas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é igualmente unha petición sobre unha parcela privada, tómase en consideración, verase a dispoñibilidade.

- Os locais cedidos polo concello de Ordes para uso como dependencias da Mancomunidade de Ordes, situados na rúa Xoxardo, debaixo da Alameda, presentan numerosas humidades de filtracións producidas no teito dos mesmos.

Tal e como pode apreciarse nas fotografías, estas humidades orixinan problemas no pavimento, levantando e deformando a madeira que o compón, ascenso de humidades por capilaridade na tabiquería, a existencia de solucións improvisadas mediante cubos



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

que recollen a auga filtrada polo teito e conducida aos mesmos mediante diversas tubaxes.

Isto orixina que varios despachos queden inutilizados polo mal estado que presentan, mentres que noutros, tanto o persoal traballador da mancomunidade de Ordes, como a veciñanza que alí acude, atope un inmobile que amosa unhas condicións de salubridade inaceptables.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A levar a cabo as tarefas precisas para arraxar os problemas de filtracións de humidade que se produce polo teito dos locais que albergan as instalacións da mancomunidade de Ordes, situados na rúa Xoxardo, fuxindo da aplicación de remendos improvisados, como os que se poden observar nas fotografías que acompañan o presente rogo.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que so un despacho inutilizado. Ninguén da veciñanza vai alí, agás vostede sen permiso. O outro despacho é de administración privada, ao que tamén accedeu sen permiso. O cerramento da cuberta dos locais situados na parte baixa da Alameda encóntrase executado de forma deficiente. Existe unha xunta de dilatación na estrutura que non se encontra debidamente impermeabilizada pola cal se producen filtracións de auga ao interior. A auga que procede da parte norte da Alameda filtrase a través do rexuntado das baldosas de pedra ao igual que a través das propias pedras da cara superior do forxado e a capa de formación de pendentes. En calquera caso filtrase libremente ata a capa de impermeabilización deteriorada probablemente polo paso do tempo. Sobre esta capa discorre axudada pola pendente descendente cara o sur, cara a xunta de dilatación estrutural. Unha vez chega á zona choca contra o canal de auga executado e acumúlase nas inmediación do mesmo ata que polo efecto da presión busca a súa saída a través da xunta. Esta xunta conta coa súa impermeabilización totalmente destruída deixando caer a auga libremente cara as canles de aluminio interiores. A esta canle chega a auga con diversos áridos arrastrados durante o percorrido polo forxado que provoca o seu recheo e redución da súa capacidade de acumulación de auga. Estes mesmos áridos provocan o atasco das saídas cara os tubos de forma que a canaleta desborda por varios dos seus puntos. Sendo os máis febles os selados contra os pilares. O canal executado con posterioridade á obra foi disposto no lugar máis problemático ás filtracións agravando a situación orixinal impedindo a circulación da auga cara a zona baixa da Alameda impedindo favorecendo a entrada da auga pola xunta de dilatación. Evidentemente hai unha mala execución da obra de ampliación da Alameda. Trataron de buscar a orixe do problema e ir trampeando con solucións provisionais. Hai unha proposta para unha nova sede da Mancomunidade, unha vez que de ese espazo libre poderase actuar e solucionar o problema que xera a xunta de dilatación. Non é algo sinxelo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que quere matizar, os locais da Mancomunidade son locais públicos, non apareceu por alí de incognito. Entrou por alí, viu esa situación e pregunta como concelleiro representante da corporación municipal de Ordes. Traslada o problema para intentar buscarlle unha solución. O informe do arquitecto fala exactamente do que hai alí. Queren unha solución. O persoal da mancomunidade ata cando vai a traballar nesta situación, dous, tres anos. Haberá que intervir para que quede solucionado, tamén para o uso que se lle queira dar tamén a eses locais.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que no despacho afectado non hai ninguén. Estase actuando nos despachos cada quince días.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que nas condicións nas que están debería haber máis despachos inutilizados. Vese a situación nas fotografías.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- No núcleo de Vilasuso, existe un problema coas augas pluviais, debido a que cando chegan as épocas de choiva, resulta habitual que rematen circulando pola vía pública na vez de polas cunetas, cos problemas que isto supón tanto para a seguridade viaria, como para a salubridade das vivendas do núcleo, dado que xa ten entrado no interior dalgunhas casas da zona.

Nos meses de decembro de 2024 e xaneiro de 2025, lamentablemente, volveu a acontecer.

Lembramos que este problema xa foi trasladado ao goberno municipal no pleno ordinario de novembro de 2023, mediante un rogo do BNG, onde se solicitaba acometer na zona as actuacións precisas para que as cunetas fixesen a súa función, evitando que estes episodios volvesen a repetirse.

A pesares de ter constancia do problema, nada se fixo ata o de agora por parte do goberno municipal para intentar darlle solución.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A levar a cabo as actuacións precisas no núcleo de Vilasuso (parroquia de Bean), para que as augas pluviais circulen pola cuneta e non pola vía pública, como adoitan facer nas épocas de choiva.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o primeiro que hai que ter claro é que esta cantidade de auga que se xunta non procede da vía pública, procede das propiedades privadas e das vivendas. No plano de concentración parcelaria de Beán vese como estaban deseñadas as conducións de augas e como os veciños de maneira antinatural taparon os cursos. O goberno foi a desatacar moitas veces e a limpar e curiosamente vólvese a taponar. Non poden actuar todos os días, é inviable. Non é lóxico que se tapen conducións públicas. Isto non o cotan, pero o saben. É a realidade. Toda esa auga que se xunta que non ten nada que ver coa obra que se fixo no seu día de reafirmado da zona. Este problema xa sucedía fai dez anos cada vez que chove moito por enviar todas as augas cara un punto como se se tiveran todos posto de acordo, a maiores a rede pública que tería que funcionar a taponan e a pechan por que non interesa en determinadas zonas. As cotas están comprobadas, estase analizando a problemática, vai a facerse unha actuación consensuada coa asociación de veciños e a asistencia técnica para mellorar a situación. Non vai a garantirse ao cen por cen pro que a saída natural está taponada, elimínouse, agora non existe, están propiedades privadas, ninguén as quere. O que non poden facer é bombear a auga, é inviable.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta cal é razón pola que a auga ven polo pavimento na metade da costa, circula vai por riba dos asfalto e no vai por onde ten que ir.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é por que a taponan nesa zona da curva onde está entubada. Xa llo expliquei. O fan a mala fe. Desnaturalizouse a saída de evacuación natural das augas de todas as parcelas. Agora todo se xunta enriba do propio vial. Os veciños recoñecen que se cambiou o que antes funcionaba ata que deixou de funcionar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que haberá que darlle solución.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta quen vai a resolver a parte privada.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o concello terá que chegar a un acordo e darlle solución. Van a estar nesta situación cada vez que chova un pouco.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- O día 3 de xaneiro avisouse do peche da biblioteca e do servizo 24 horas dende o día 4 ao día 7. Todo isto, cabe destacar, en plena época de exames para o alumnado universitario.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Cales foron as causas do peche?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que se pechouse o día 4 pola noite a abriuse o día 7 pola mañá. Decidiuse pechar para evitar nestas datas as actividades impropias nunha biblioteca, protexer os fondos de acceso libre o patrimonio e a orde pública.

- Durante esta mesma semana tivemos coñecemento da identificación de 82 persoas migrantes en situación irregular que estaban a ser explotadas laboralmente.

Segundo informaron os medios de comunicación, estas persoas residían nun complexo hoteleiro sen licenza de hostalería ubicado en Ordes.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Tiña constancia o goberno local de que estas persoas estaban residindo en Ordes?.

¿Algunha destas persoas chegou a contactar e/ou ser atendida por parte dos servizos sociais do Concello?.

¿É certo que o inmovible non tiña licenza?.

De ser así, ¿dende cando non tiña licenza para actividade hostaleira?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira de política social, que sinala que na prensa saíu unha nova de apertura de dilixencias que constan no marco da investigación dun delito contra os dereitos dos traballadores. Vai explicar o que se fixo fai cinco meses, do que se enteraron a maior parte dos veciños de Ordes. A Ordes chegaron non chegaron oitenta e dúas persoas. O día de semana anterior ao día 12 de agosto empezaron a actuar. Cando chegaron as persoas ás instalacións presentouse alí a policía xudicial, policía local e garda civil por una denuncia dunha rapaza residente. Recibiron unha chamada da Asociación Mestura, presentándose alí Mestura, Ecos do Sur e os servizos sociais. Avaliada a situación, en contacto coa Garda Civil, primeiro relación e identificación dos ocupantes, menores derivados a casa de acollida, catro xa eran solicitantes de asilo, entrega de comida, auga, desprazamento ao centro de saúde e farmacia, mediación con Estranxería, tramitación de documentos. Entre o 19 e 22 de agosto todos estaban en casas de acollidas para inmigrantes, en Lugo, Vigo, Coruña, Santiago e unha marchou pola súa conta ao ter unha rede de apoio. Recibiron axuda dos veciños de Ordes, fixeron campañas de recollida de roupa, calzado, mercáronse medicinas. Propúxose a súa acollida en hoteis, preferiron permanecer alí xuntos. En canto á licenza, o



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

07/12/2023 a Xunta de Goberno Local declarou sen efecto as licenzas concedidas por resolución da Alcaldía, de data 01/07/1999, por inactividade por período superior a seis meses. O 22/01/2024 informouse que non existían licenzas que amparasen a apertura das actividades de hotel e cafetaría e que para o inicio dunha nova actividade o interesado debería presentar unha nova comunicación previa de actividade. 01/04/2024 preséntase comunicación previa para actividade de bar na parte baixa da edificación na que segunda a licenza anterior se desenvolvía a actividade de cafetaría. En ningún momento houbo una actividade de hotel, está pechado ao público. Si que ese fin de semana trasladouse alí a policía local levándose a cabo a intervención policial.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as pregunta seguintes:

- Na rúa de Mundito non se está a instalar ningún tipo de iluminación polas festas patronais ou polo nadal.

Trátase dunha decisión do goberno municipal que afecta tanto á propia veciñanza da rúa, como a diversas actividades económicas que alí se desenvolven (locais comerciais, locais de hostalería, oficinas...), e que deron traslado a este grupo municipal desta situación, que é percibida coma unha diferenza de trato con respecto ao resto do casco urbano.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Por qué motivo, durante as festas patronais ou durante o nadal, non se instala ningún tipo de iluminación na rúa Mundito?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que alí non hai báculos en altura, había un cable que foi retirado polas actuacións que se fixeron nas fachadas dos edificios. A empresa non ten onde suxeitas as luces. Cando se colocou algo en superficie durou un día por actos vandálicos. Se algún veciño posibilita a colocación dun cable en fachadas poderá instalarse a iluminación sempre que poida ir a un cadro.

Intervén o Sr. Vidal, que sinala que alí hai un cruce dun cableado.

- A pista principal de Vilamaior, que comunica AC-524 co límite do concello con Mesía, pasando pola Armada, presenta un mal estado de conservación, resultando especialmente preocupante no tramo desde o núcleo do Casal ata o límite do concello con Mesía, onde as tapas dos sumidoiros sobresaen do pavimento.

No pleno ordinario de xaneiro de 2021, cando o goberno municipal propuxera esta obra para incluír no Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña, desde o BNG cuestionamos que no proxecto estivese prevista a pavimentación desta vía principal da parroquia, co tráfico que soporta, con rego asfáltico na vez de empregar unha pavimentación con aglomerado, como se estaba a propoñer para ramais con moito menos tráfico e que afectaba a menos vivendas.

O alcalde na súa reposta, afirmou que “é necesario botar unha capa de triple rego previamente por que esas vías non cumpren as condicións axeitadas. Dentro de un ano ou dous cando corresponda, xa se botará o aglomerado correspondente para que esa vía aguante cinco, dez ou quince anos, que son os desexables polo tránsito que ten e a situación que presenta a día de hoxe”.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A obra foi sometida a proceso de licitación e adxudicada o 29 de outubro do ano 2021, por importe de 93.483,24 €. A día de hoxe, rematando o mes de xaneiro de 2025, pasados mais de 3 anos desde que a obra foi executada, esta pista amosa o estado de conservación que se pode apreciar nas fotografías que achegamos xunto ao presente rogo, e o alcalde non cumpriu co manifestado naquel pleno ordinario de xaneiro de 2021.

Curiosamente, o 23 de setembro do ano 2022, procedeuse coa adxudicación doutra obra semellante na parroquia de Bean, entre os núcleos de Vilasuso e A Igrexa, na que tamén se acometeron unha serie de sobreanchos, pero desta volta aplicando aglomerado, o que permite a calquera veciño/-a comparar os resultados.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿Cales foron os motivos do incumprimento dos prazos de “un ou dous anos” que anunciou para a pavimentación da pista principal da parroquia de Vilamaior con aglomerado?.

¿Cando ten pensado o goberno municipal proceder con esta pavimentación?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que revisou a acta e comprobou o audio. A acta non se corresponde co audio, non é exactamente igual. Dixo dentro de un ano ou dous cando corresponda e se poida. Fíase do que pon a acta. Pode escoitar o audio. Todos coñecen esta estrada, hai que volver ao que falárono no seu día. Son os técnicos os que analizaron o terreo e viron o que se pode botar aí. Quere comparar a obra de Beán onde xa había aglomerado no firme, onde unicamente se fixo un sobreancho de 40-50 cm a cada marxe, xa había firme suficiente das rozaduras, non habendo problema para botar unha capa encima onde o 90 % da sección xa tiña firme de aglomerado. Nada ten que ver con esta pista onde da previsión inicial de 5 m se pasou a 7 m que é como está executada a día de hoxe. É certo que houbo que rebacheala en varias ocasións durante o período de garantía. Isto ven a ratificar que os técnicos acertaron no seu momento, non podía botarse aglomerado, teríamos a continuación unha rotura calamitosa do firme desta estrada. Na Rúa a Carballedo fíxose unha actuación similar. Nesta parroquia e noutras hai moitas necesidades. Plantexa esta, pensa que é por que circula moito por ela ultimamente. Mesmo caso en Lesta a Petín. Temos outras con actuacións semellantes na mesma situación. A actuación está valorada dende o ano 2023, son 446.000,00 euros. Na parroquia de Vilamaior hai una valoración total de 1,66 millóns de euros. Atendendo a intensidade media de vehículos que poden pasar polo lugar haberá que actuar antes ou despois. Se tivéssemos a dispoñibilidade dos remanentes de 2024 ao mellor xa estaba en licitación. Se os temos para 2025 garantízalle que si. Se non haberá que a facer nunha ou dúas fases en función da dispoñibilidade das diferentes ordes que poida saír para facer estas actuacións. Non se esquecen. Cando se poida e os recursos o permitan.

- Trasládónlles que xa houbo una adxudicación da poxa do Campo de Fútbol de Mesón do Vento realizada pola Axencia Tributaria.

¿Ten algunha información, pode comentar algo ao respecto?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é certo que foi adxudicado en poxa. Están en negociacións coa persoa adxudicataria para poder chegar a un acordo de adquisición polo concello, senón haberá que tramitar unha expropiación urbanística segundo o PXOM, ao estar recollido como equipamento, sistema xeral. O custe de expropiación o definirán os técnicos. A adxudicación foi en 28.000 euros. A poxa que realizou o concello foi de acordo á normativa.



## **CONCELLO DE ORDES**

---

**(A CORUÑA)**

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que xa o explicará, se o adquiriu outra persoa é que non puxou.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si puxou, puxa o Concello, non o alcalde, hai que facelo dunha maneira legal. Vostede como persoa privada podía facer o que lle dea a gana. Xa tivo unha conversa con el. Como administración teñen que facelo dunha maneira legal. Vostede como persoa privada en relación cun ben privado puido ter actuado como mellor quixera. Estba no seu dereito de presentarse, é un exemplo, vostede ou calquera.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE  
José Luis Martínez Sanjurjo  
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO  
Juan Luis González Iglesias